



No Salón de Actos da Casa do Concello, ás dez horas do vinte e seis de outubro de dous mil dezaseis, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os señores concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Álvaro Santos Ramos, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de setembro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de setembro do actual.

**2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**- Dáse conta ao Pleno da proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles. Coa modificación que se propón da ordenanza, propónse ao Pleno a aprobación de bonificacións do imposto de bens inmobles, do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade

Á vista do disposto na vixente lexislación de réxime local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) considerando que é competencia do Pleno a



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

aprobación da determinación dos recursos tributarios, e despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA**:

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, referente á bonificación no imposto de bens inmóveis de natureza rústica, quedando de conformidade se transcribe no ANEXO, xunto co texto da ordenanza, no que se refunden as últimas modificacións.
- Que se someta ao trámite de información pública no tablón de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo
- Que se de conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que o acordo definitivo e a ordenanza fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

### **ANEXOS**

#### **MODIFICACIÓN.-**

**4.2.-** Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóveis nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade.

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.
- Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

### **Disposición final**

A modificación da ordenanza no referente ás bonificacións dos inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras, aprobada polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2016, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2017, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexirán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) e nas demais Leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

### **ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-**

**Artigo 1.-** De conformidade co disposto no art. 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

#### **Artigo 2.- Tipos de gravame.**

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de Naturaleza Urbana queda fixado no 0,60%.

O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicables aos bens de Naturaleza Rústica queda fixado no 0,60%.

O tipo de gravame do Imposto de Bens Inmobles aplicable aos bens de Características Especiais, queda fixado no 1,3%.



**Artigo 3.- Exencións:** En aplicación do artigo 62 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as seguintes exencións na cota líquida do imposto:

- a) Bens Inmóbiles urbáns cunha cuota líquida inferior a 6,00 euros.
- b) Bens Inmóbiles rústicos no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 euros.

**Artigo 4.- Bonificacións.**

**4.1.-** As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- **Xeral:** Bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que tendo dous fillos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para o traballo.
- **Especial:** Bonificación do 90% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos de clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa

**4.2.-** Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbiles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construcións destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno que se delega na Xunta de Goberno, por razóns de operatividade

A bonificación terá carácter rogado. Para ser beneficiario desta bonificación os suxeitos pasivos deberán solicitala, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible
- Certificacións acreditativas de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa autonómica nin coa Seguridade Social.
- Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza/comunicación de actividade correspondente.

Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello,



poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

### Disposición final

A modificación da ordenanza no referente ás bonificacións dos inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades agrarias ou gandeiras, aprobada polo Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2016, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do un de xaneiro de 2017, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexirán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Unha vez que se procedeu á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado, agradecendo ao Grupo Socialista o apoio da proposta presentada.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Despois da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, anuncia que votarán a favor da proposta de modificación, non sen deixar de pedir ao goberno municipal que se incorporen á ordenanza outras modificacións, como a bonificación, que xunto coa presente solicitaron eles en decembro do pasado ano, **"do 50% do Imposto a favor dos bens inmobles urbáns ubicados en áreas ou zonas do municipio que, conforme á lexislación e planemento urbanísticos, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas e que dispoñan de un nivel de servizos de competencia municipal, infraestructuras ou equipamentos colectivos inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do municipio, sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección"**.

Insiste tamén o concelleiro Sr. Santos Ramos, en que o tipo de gravame da urbana debería volver ao 0,45%, que era o tipo que figuraba na ordenanza do concello, antes das medidas do goberno que Rajoy que elevaron o mesmo ao 0,60%, e que foi perpetuado por este Concello, coa modificación da ordenanza do pasado ano.

Reitera que o pasado ano o Grupo Socialista, xa presentou ao Pleno estas propostas e de aprobarse naquel momento, estaríamos nun escenario diferente. A bonificación que se aprobe na sesión de hoxe, empezará no 2018, cando xa poderían estar vixentes para o 2017, no caso de aprobarse o pasado ano. Ademais, de non fixar o tipo no 0,60%, moitos veciños non se atoparían na situación actual



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

---

ao recibir os recibos da contribución, xa que a decisión do equipo de goberno supuxo un incremento do 33% do recibo do imposto de bens inmobles de natureza urbana. Engade que non sabe que mudou desde aquela ata hoxe, xa que entón o equipo de goberno votou en contra da proposta dos socialistas e agora veñen con esta proposta. Agora os veciños terán que soportar unha carga fiscal mais gravosa do que sería conveniente, como eles insistiron no seu momento.

Continúa na súa intervención, dicindo que a proposta chega tarde, non se está facendo ningún favor aos veciños, puido estar xa feita e evitábase primeiro crear o problema e despois saír ao rescate. Van a seguir pagando máis os veciños afectados, xa que houbo moitas edificacións que foron incorporadas recentemente, ou ben que foron revalorizadas, no proceso de regularización. Engade que a economía dos veciños non é das mais boiantes da provincia nin de Galicia, xa que a renda percápita é bastante baixa. Púidose evitar a situación actual e non se quixo no seu momento.

Conclúe a súa intervención, insistindo a proposta por eles presentada no pasado ano, a ver si se acaban incorporando á ordenanza a outra bonificación, para acadar unha o fiscalidade mais xusta, en función dos servizos que reciben.

O Sr. Alcalde responde que se realizou un proceso de regularización catastral, pola Xerencia Territorial do Catastro, do que foi alleo o Concello. Este proceso supuxo dar de alta edificacións que non estaban suxeitas ao imposto, que non figuraban nos padróns de rústica. Trátase maiormente de construcións de uso agrario.

Di que o concello de Friol destaca polo sector primario, principalmente o gandeiro, que non está atravesando os seus mellores momentos, xa que está en crise dende hai algún tempo. O equipo de goberno, moi sensible a este sector, xa que é un dos principais motores da economía municipal, tomou a decisión de bonificar o ibi que teñan que pagar os contribuíntes polas construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades agrícolas e gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese por concurrir as circunstancias que se expresan na proposta.

A bonificación proposta é a máxima que permite a Lei, neste caso a aplicar no I.B.I. de Naturaleza Rústica. Deste xeito, a presión fiscal existente en Friol está por baixo da media provincia, xa que o tipo impositivo que permite a Lei están entre o mínimo do 0,40% e o máximo do 1,10%. Ademais, con esta bonificación favorecerase a competitividade dos veciños, que teñen como medio de vida a agricultura e a gandería. Engade que a bonificación terán que solicitala os interesados, e que para elo darase a máxima difusión e facilitaranse os trámites desde as oficinas municipais, para que aqueles que teñan dereito a ela, poidan xestionala antes de que remate o ano, procurando que un alto porcentaxe dos afectados poida ter a bonificación para o 2017.



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

---

En relación coa cuestión por que agora e non antes, o Sr. Alcalde di os traballos realizados pola empresa desenvólveronse con lentitude, pola cantidade de datos, reclamacións e recursos dos afectados, moitos a día de hoxe pendentes de resolución, aínda que de todos os xeitos, os datos aportados xa son practicamente definitivos.

A continuación refírese ao exposto polo concelleiro do Grupo Socialista de que xa se puido facer antes, especialmente no último Pleno do pasado ano, cando presentaron a moción ao respecto. El persoalmente discrepa, así como de algún outro erro na prensa, cando di que se pretende baixar o tipo ao 0,45%, ou que non entrará en vigor esta medida ata 2018. Di que os veciños que a presenten en prazo e reúnan os requisitos poderán favorecerse da bonificación para o vindeiro ano 2017. Cando o grupo socialista fixo a proposta, non era o momento, non se tiñan datos e non querían tomar decisións que supuxera recortar servizos ou conceder subvencións, ou non manter en estado óptimo servizos que se veñen prestando. Ademais, se de aquela se aprobase a proposta do Grupo Socialista, non tería efectos tampouco ata o vindeiro 2017, polo que se decidiu esperar a que dende a Xerencia do Catastro se aportaran os datos económicos necesarios, para facer os correspondentes estudos económicos e a viabilidade da proposta. No momento actual sábese que poden ter bonificación máis de 400 contribuíntes, que suporá un aforro aos contribuíntes superior a 60.000€ e que o Concello pode levar a cabo economicamente esta medida. Conclúe a súa intervención, agradecendo o voto a favor do Grupo Socialista e insistindo en que se leva a cabo no momento correcto, coa seguridade necesaria, e que levar a cabo as outras medidas que propuxeron no seu día non é viable no momento actual. Elo non quere dicir que non sexa estudado e no futuro se estuden mais medidas a adoptar e sexan tratadas polo Pleno.

A continuación o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Santos Ramos, comeza a súa segunda intervención dicindo que non está de acordo en que non se podería evitar o impacto neste exercicio non o admite, xa que de non o subir ao tipo 0,60%, xa estaba. En relación coa presentación da súa moción, di que foi en canto se puido. A modificación da ordenanza aprobouse no Pleno de setembro de 2015 e ata decembro, non houbo outra sesión ordinaria no medio, polo que non se puido facer antes. Tampouco está de acordo con que se beneficien os contribuíntes para 2017, xa que aínda que a ordenanza se expoña ao público e entre en vigor, na mesma di que terá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Engade que aínda que se faga a publicación con celeridade e se comezara a tramitar expedientes no concello, elo supón examinar a documentación de en torno as 400 edificacións ás que se fixo referencia o Alcalde, dubida moito que poida ter unha resolución no presente ano. Refírese tamén a que a resolución é pola Xunta de Goberno, por delegación da competencia do Pleno por razóns de operatividade. Engade que non sería necesaria esa delegación, se os plenos



## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ordinarios tiveran menor periodicidade e se celebrasen mais sesións, co que se podería ter evitado ou paliado a cuestión da operatividade. Di o concelleiro que non lle parece honesto que se diga que a revisión foi cousa do catastro e o concello non sabe nada. Quen non souberon nada antes foron os veciños. Xa chegaba coas altas e revalorizacións das edificacións, sen necesidade de engadir a suba do tipo impositivo, repercutindo todo no importe do recibo, todo elo incide negativamente nos veciños, adicados ao sector gandeiro, coa que están pasando, situación que se van axudando co importe das pensións dos vellos.

Reitera o concelleiro que deixando o tipo no 0,45%, a xente soportaría mellor o impacto da revisión catastral, e mellor aínda recollendo bonificacións. Trátase dun impacto moi importante na economía das familias do concello de Friol, sendo innegable que se puido paliar minimizando ou suavizando o impacto do mesmo. O Grupo Socialista quere ser coherente e defende o mesmo que de aquela. Reitera que non sabe en que cambiou ou situación, a non ser por que hai moitos veciños que ferven. Nalgún caso pagaban 200 € e pasan a 1400 €, as matemáticas son sinxelas. Por elo, van a votar a favor e invitan ao equipo de goberno a que se modifique a ordenanza do imposto de bens inmobles, introducindo tamén a bonificación por eles proposta o pasado ano, para que sexa mais xusta para os veciños, bonificando os inmobles que correspondan a asentamentos singularizados pola súa vinculación con actividades primarias e que dispoñan de un nivel de servizos inferior, e se teña en conta á vista dos servizos que se lle prestan. Conclúe reiterando a volta ao tipo do 0,45% da urbana, xa que coas altas e coas revalorizacións, non suporía perda de ingresos.

O Sr. Alcalde responde, que como xa dixo e volve a reiterarse no comentado na intervención anterior, propoñen agora esta medida, xa que entenden que é o momento axeitado, tendo os datos de carácter económico para estudar con detalle a implantación da bonificación e os datos dos veciños afectados pola regularización que desde catastro se levou a cabo. Senón se fixo antes, nin apoiaron a moción que o Grupo Socialista presentou no Pleno a finais de 2015, é porque non consideraron axeitado aprobar unha medida sen dispor dos datos necesarios para elo. Engade que o equipo de goberno non acostuma a dar paos de cego, tratan de estudar as medidas a adoptar e tamén intentan contribuír ao benestar dos veciños con bonificacións, exencións ou subvencións, velando ao mesmo tempo polo ben do concello.

Engade que así lle foi encomendado por unha abultada maioría dos veciños nas pasadas eleccións municipais, xa que consideraron que eran o equipo idóneo para velar polos seus intereses e xestionar o concello. Tamén dixeron con claridade a quen lle correspondía facer oposición, e os veciños elección tras eleccións, poñen a cada grupo no sitio que consideran conveniente. Saben en quen poden depositar a súa confianza, e así o fixeron no seu equipo para que durante esta lexislatura xestionara a economía do concello e defendera os seus intereses, e iso tratan de facer. Rematada a lexislatura, haberá un novo exame nas urnas e xa se verán os





## CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

resultados. Conclúe dicindo que sempre queda aberta a posibilidade da redución do tipo ou bonificación, pero que neste momento non se pode levar a cabo. Engade que unha vez que entre en vigor a modificación da ordenanza, espera que se faga un esforzo nas oficinas municipais e poida ser de aplicación na maioría dos casos para 2017. Agradece o voto a favor da proposta do Grupo Socialista, e espera seguir nesta liña, aínda que teñan diferentes puntos de vista, actuando con responsabilidade por ambas partes.

Á vista de que non hai mas asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás dez horas e trinta minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario do Concello, redacto a presente acta e dou fe.